

# a auga na cultura galega

## auga que traballa (paisaxe)

Galicia é un territorio moi antigo onde as rochas están moi presentes. A acción erosiva da chuva ao longo dos tempos puxo ao descuberto unha gran cantidade de formacións rochosas que antes se atopaban debaixo da superficie e creou nelas unha gran variedade de formas que, nalgúns lugares, representan auténticos monumentos naturais aos que a xente puxo nomes propios ou asociados a crenzas, mitos e lendas.



A auga da chuva, pouco a pouco forma na pedra pías, cacholas, penas furadas...

A auga das escorrentías escava cavorcos nos camiños e montañas.

Cavorco ou barranqueira: val estreito e fondo escavado pola auga das doiras (regos temporais de augas revoltas)



A auga que se filtra a través das rochas calcarias forma covas




### REFRÁNS

- A peneda é dura e a auga é miúda, máis caíndo, caíndo, fai cavadura.
- Tanto a auga da na pedra que acaba por amolecela.
- Non hai pedra por dura que sexa que non amoleza.

### NOMES DAS ROCHAS TRABALLADAS OU DESCUBERTAS POLA AUGA:

- Pena, penedo:** pedra grande
- Laxe:** pedra grande aplanada
- Con:** rocha que sobresae do terreo
- Lastra:** rocha plana que sobresae do terreo
- Pelouro, seixo ou coio:** pedra redondeada pola auga. As grandes chámanse callaos e as pequenas xogas.
- Coido ou boleira:** agrupación de coios na beira da auga.



Lastras na serra da lastra



Laxes na Illa de Arousa



Coios, pelouros... no río Tea

Desde moi antigo as pedras con formas curiosas, en difícil equilibrio ou con ocos, e aquelas nas que se formaban pías e cacholas que retiñan auga, deron lugar a gran cantidade de lendas e ritos relacionados co amor, a fecundidade ou a curación de diversas enfermidades físicas ou psíquicas.

Á súa orixe natural atribúeselle moitas veces carácter máxico relacionado cos mouros ou con santos. Hai penas para curar o tangaño, as dores dos ósos, os males da cabeza... Outros penedos teñen poderes maléficos e neles nacen os malos ventos ou viven seres malignos.



Pedra do Arangaño, en Perrelos (Sarreaus). Segundo a tradición os nenos entarangañados facíanse pasar polo burato da pedra para que curasen.



Penadauga, nas proximidades da igrexa de Santa Sabela de Escuadro. Un santuario de tradición moi antiga. A xente acode a curar distintos males (especialmente as espullas) coa auga que se acumula no alto da pedra, nunha gran pia natural, e vai esbarando polo seu interior.



Penedos das Rodas (nas proximidades de Rábade - Lugo), contan que unha ten ouro e a outra xofre. Non se poden romper porque non se sabe cal é a do ouro e xofre extenderíase queimando todo.